

Tendo en conta que algúns centros que se adaptaron ao calendario académico das titulacións do Espazo Europeo de Educación Superior para o curso 2011/12, no curso anterior tiveron convocatoria de exames no mes de setembro, cómpre prorrogar o prazo de matrícula de xeito que os alumnos/as que concorreran a esta convocatoria poidan saber o resultado dos exames antes de formalizar a matrícula para o curso 2011/12.

É por isto que esta Reitoría RESOLVE:

ÚNICA.-

Modificar o ANEXO I da resolución reitoral do 23 de xuño de 2011 pola que se fai pública a convocatoria xeral da matrícula para o curso 2011/2012 incluíndo no apartado "A) ESTUDOS DE GRAO – CONTINUACIÓN DE ESTUDOS", o seguinte parágrafo:

*"Nas titulacións co calendario adaptado ao Espazo Europeo de Educación Superior para o curso 2011/12 nas que no curso pasado a 2ª convocatoria de exames tivo lugar no mes de setembro, o prazo de matrícula rematará o 21 de outubro de 2011".*

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2011



O reitor



Juan José Casares Long

Enviado a tódolos centros, Servizo Xestión Académica, UXA's, Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Oficina de Análise de Reclamacións, Oficina de Información Universitaria